

## CUESTIONARIO

### PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. Na maioría dos casos, o tratamento de datos persoais debe ser declarado á autoridade nacional de protección de datos. ¿Algunha vez declarouno á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)?

- Non, non xestiono os datos persoais
- Non, o meu tratamento de datos non necesita ser declarado
- Si, declarei o tratamento de datos á AEPD
- Non sabe/non contesta

2. Se respondeu afirmativamente na pregunta 1, ¿pode estimar o custo que supón á súa empresa achegar esta información á Axencia de Protección de Datos (AEPD)?

- Menos de 100 €
- 101 €-300 €
- 301 €-500 €
- Máis de 500 €
- Non sabe/non contesta

3. ¿Qué cualificativo reflicte mellor a declaración do tratamento de datos ás autoridades nacionais de protección de datos? [Pode seleccionar máis dunha resposta].

- Doado
- Difícil
- Burocrática
- Non sabe/non contesta

4. ¿Trata os datos persoais de persoas físicas que residen nos estados membros de Unión Europea (UE) que non sexa o seu propio ou de países fóra da Unión Europea/Espazo Económico Europeo (EEE)? [Pode seleccionar máis dunha resposta].

- Si, os datos persoais de individuos de estados membros diferentes ao meu
- Si, os datos persoais de individuos procedentes de países de fóra da UE/EEE (por exemplo, EE.UU. ou os países de Asia, África)
- Non, non trato os datos persoais de individuos de fóra do meu estado membro
- Non sabe/non contesta

5. ¿Tivo dificultades para transferir os datos persoais a outros estados membros da Unión Europea?

- Si
- Non
- Non sabe/non contesta

6. ¿Tivo dificultades para transferir os datos persoais a países fóra de Unión Europea?

- Si
- Non
- Non sabe/non contesta

7. Se a súa empresa ten páxina web, ¿inclúe unha páxina que explica a súa política de privacidade?

- Si
- Non
- Non sabe/non contesta

8. ¿Hai alguén, na súa empresa, asignado para tratar as cuestións de protección de datos?

- Si, hai alguén asignado só para iso
- Si, alguén o fai xunto con outras actividades
- Non hai
- Non sabe/non contesta

9. A lexislación de protección de datos obriga os responsables do ficheiro a achegar a información ás persoas físicas titulares dos datos obxecto de tratamento, en diante afectado ou interesado, sobre a identidade do responsable do tratamento, a súa finalidade, se os datos van ser cedidos etc. ¿Algunha vez achegou esta información aos interesados?

- Sempre
- A miúdo
- Ás veces
- Nunca
- Non sabe/non contesta

10. Se contestou afirmativamente á pregunta 9, pode indicar canto lle custa á súa empresa cada vez que facilita esta información? (por exemplo, os gastos de asesoramento xurídico, os de deseño e impresión, os de oficina, os gastos xerais de administración etc.).

- Menos de 100 €
- 101 €-300 €
- 301 €-500 €
- Máis de 500 €
- Non sabe/non contesta

11. Os afectados ou interesados teñen dereito a solicitar o acceso aos datos de carácter persoal que vostede teña, por exemplo, co fin de corríxilos, para eliminalos, ou simplemente para obter unha copia. ¿Algunha vez recibiu estas solicitudes?

- Si, con frecuencia
- Si, raramente
- Non
- Non sabe/non contesta

12. Se contestou afirmativamente á pregunta 11, ¿canto tempo adoitan tardar en responder? [Duración media (en días laborables)].

- Máis de medio día
- 1 día
- 2 días
- 3 días
- Non sabe/non contesta

13. ¿Cobra unha cota para o tratamento destas solicitudes?

- Si
- Non
- Non sabe/non contesta

14. ¿Se contestou afirmativamente á pregunta 13, cal é o importe da cota?

- Menos de 10 €
- 10 €-50 €
- 51€-100 €
- Máis de 100 €
- Non sabe/non contesta

15. ¿Algunha vez pagou polo asesoramento xurídico en materia de protección de datos, por exemplo na preparación dunha páxina de privacidade para a súa web ou nas cláusulas de protección de datos dun contrato?

- Si
- Non
- Non sabe/non contesta

16. Se contestou afirmativamente á pregunta 15, ¿canto lle custou o asesoramento?

- Menos de 200 €
- 201 €-500 €
- 501 €-700 €
- Máis de 700 €
- Non sabe/non contesta

17. ¿Tivo algún incidente relacionado con datos persoais (por exemplo, os datos persoais en poderes da súa compañía perdidos, os extraviados ou os mal empregados)?

- Si, os datos persoais perdéronse
- Si, os datos persoais foron roubados
- Si, os datos persoais foron mal empregados
- Non
- Non sabe/non contesta

18. Se contestou afirmativamente á pregunta 17, ¿informou os afectados, cando se produciu o incidente?

- Si
- Non
- Non sabe/non contesta

19. Se contestou afirmativamente á pregunta 18, ¿pode calcular o custo de informar os afectados?

- Menos de 500 €
- 501 €-1.000 €
- 1.001 €-2.000 €
- 2.001 €-5.000 €
- 5001 €-10.000 €
- Máis de 10.000 €
- Non sabe/non contesta

20. ¿Hai algunha cuestión que vostede queira trasladar en relación á normativa sobre protección de datos persoais?

Grazas polo tempo dedicado para completar o cuestionario. As súas respostas son unha valiosa achega para a análise da situación das empresas da UE en materia de protección de datos.



Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)  
Servizo de Información Europea  
Rúa do Vilar, 54  
15705 Santiago de Compostela  
<http://www.ceg.es>  
Tel.: +34 981 555 888. Fax: +34 981 555 882. E-mail: [euroinfo@ceg.es](mailto:euroinfo@ceg.es)

